

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/47-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	COQUINA	
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	Cadelucha (<i>Donax trunculus</i>)
Ambito do plan	Praia de Vilarrube
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
29 + 5	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
6	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	119										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾: A PE											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X					X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾:											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Cadelucha	5-6 kg		

Artes a empregar	Fouciño
-------------------------	---------

Puntos de control	Villa Herminia en Vilarrube e a Casa do Pescador en Cedeira
Puntos de venda	Lonxa de Cedeira

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembr	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Sementeiras														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados														
Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														
Operacións de limpeza de algas e outros elementos perxudiciais para o marisco. Realizaráanse en calquera época do ano (previa solicitude do permiso), participando na actividade tódalas mariscadoras suxeitas ó plan.														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Inclúe un listado de 28 mariscadores, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2010 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 29, posto que non inclúen a que ten o permex en vigor ata o 31 de decembro de 2010. Nesta confraría está pendente a concesión de 5 novos no ano en curso.

Ampliación: Na praia de Vilarrube dáse a especial circunstancia dunha poboación abundante de cadelucha, con abundancia tamén de subpoboación de tallas comerciais, tal e como así o amosan os datos de anos anteriores. A boa xestión na explotación neste banco fai posible que se poda incrementar o número de mariscadores ata 40. Recórdase que as solicitudes de ampliación deben indicar claramente o número de mariscadores que se solicitan. A selección de persoas candidatas farase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Este incremento afectará ao plan de berberecho en zona de libre marisqueo e ao de autorizacións aprobados para esta entidade.

Topes de captura: O tope máximo de captura establécese en 6 kg/mariscador/día, reducíndose a 5 kg en días de mareas malas. A petición de modificación deberá facerse constar na solicitude de apertura mensual co obxecto de que se dite a resolución correspondente.

Puntos de control: Aínda que se realiza unha xestión adecuada respecto deste punto, deben aportar as normas de funcionamento do punto de control e especificar as persoas responsables.



Traballos e vixilancias: A realización dos traballos de rexeneración, acondicionamento, semicultivo e vixilancia propostos neste plan é obrigatoria para tódolos mariscadores, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Reserva mariña de interese pesqueiro-Ría de Cedeira: o ámbito deste plan desenvólvese dentro do ámbito desta reserva, polo que se recorda que:

1. O plan foi informado favorablemente polo órgano de xestión, seguimento e control da REMIP-Ría de Cedeira, na súa reunión do 4 de novembro de 2009, de conformidade co establecido no artigo 10º do *Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, corrección de erros do 11 de marzo*.
2. Dentro das áreas de reserva integral está prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola Dirección Xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do órgano de xestión, seguimento e control, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.
3. O acceso á reserva mariña, control e seguimento das actividades farase de conformidade co disposto no *Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, corrección de erros do 11 de marzo*.
4. As zonas do plan de explotación que estean incluídas dentro da REMIP-Ría de Cedeira serán xestionadas de conformidade co establecido no Plan de Xestión Integral ao que se fai mención no artigo 7º *Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, corrección de erros do 11 de marzo*. unha vez que este sexa aprobado. Non obstante, e en tanto non se aprobe o Plan de Xestión Integral, seguirán en vigor as normas de xestión que estivesen aprobadas e en vixencia e aquelas outras que se aproben no período.

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do acordo de aprobación do plan por parte da agrupación sectorial de marisqueo.
- Xustificación da exclusión de do plan presentado
- Descrición do modo de organización dos puntos de control e das persoas responsables dos mesmos.